

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.

COPIA DIXITAL

O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

Con carácter previo á aprobación inicial, e tal e como se indica na lexislación sectorial correspondente foron emitidos os seguintes informes:

Demarcación de estradas do estado en Galicia. Ministerio de Fomento.

Nº rexistro entrada: 281. Data: 08/02/2016

Resolución: Informa desfavorablemente o PXOM de Carral indicando unha serie de cuestións a introducir no documento en tramitación, as cales se incorporan do seguinte xeito:

- Inclúese no PXOM unha separata na que, a escala axeitada se representan as zonas de protección do viario estatal: zona de dominio público, zona de servidume e zona de afección. Inclúense ademais a acotación referida á aresta exterior da explanación ou da calzada segundo os casos. Por outra banda, tal e como pode apreciarse nos correspondentes planos de clasificación, ningún solo urbanizable invade terreos de titularidade estatal. As infraestruturas previstas atópanse fóra da zona de dominio público das estradas estatais.
- A afirmación de que o solo rústico de protección de infraestruturas debería estenderse a toda a lonxitude das estradas estatais, independentemente da clasificación dos solos atravesados contradí o disposto pola Lei 9/2002 e as súas posteriores modificacións (LOUGA) nos artigos 11 e 13. Esta afirmación que non se basea en ningunha disposición da lexislación de estradas non dá lugar a modificación algunha no PXOM en tramitación.
- Proceda reflexar nos planos de clasificación e ordenación a liña límite de edificación, acoutándoa. As limitacións á edificación dentro desta liña xa aparecen recollidas no artigo 3.6.5. da normativa.
- Novas conexións. No PXOM non se realizan novas conexións coa estrada N-550 máis alá das xa previstas nas NN.SS. vixentes. Por outra banda procede eliminar o enlace en glorieta previsto no entronque do polígono dos Capelos coa estrada N-550 por un a diferente nivel. Proceda incorporar ó solo urbanizable os terreos necesarios para a execución deste enlace.
- O réxime previsto pola LOUGA para o solo urbanizable xa prohibe a concesión de licenzas de execución e ocupación nos ámbitos pendentes de desenvolvemento urbanístico en tanto non estea aprobada a ordenación pomenorizada, o instrumento de equidistribución e o proxecto de urbanización. Este procedemento implica que na tramitación destes documento sexa preceptivo o informe favorable do organismo titlar da vía á que dá fronte, motivo polo cal esta cautela indicada no informe carece de sentido.
- A normativa, en solo rústico de protección de infraestruturas, que é como se clasifica a estrada N-550 fóra do ámbito dos solos de núcleo rural, xa contempla a compatibilidade

de actuacións propias da conservación e explotación das estradas do estado, así como a implantación de elementos funcionais.

- Os terreos do dominio público estatal carecen de dereitos de aproveitamento urbanístico segundo o indicado nos artigos 46.6.b, 113.1 e 114.
- A obrigatoriedade de realizar estudos de determinación dos niveis sonoros esperables e as consecuencias que destes se desprendan xa se inclúe na normativa, no artigo 3.6.5.
- Inclúese na normativa a prohibición de instalar publicidade visible dende o dominio público da estrada.
- Proceda incluír na normativa a referencia á iluminación das estradas e non incidencia sobre os usuarios da estrada do Estado.

Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento

Nº rexistro entrada: 2551. Data: 19/10/2015

Resolución: Informa desfavorablemente o PXOM de Carral indicando unha serie de cuestións a introducir no documento en tramitación, as cales se incorporan do seguinte xeito:

- Proceda incluír a referencia normativa no PXOM, tanto na memoria, no apartado 2.15 da memoria e no artigo 3.6.6. da normativa.

Consideracións xerais:

- Revisáronse as servidumes aéreas resultado que as que se aportan co PXOM son coincidentes coas incorporadas ó informe da Dirección Xeral de Aviación Civil.
- Introduciuse na normativa (artigo 3.6.6.) a totalidade das especificacións normativas contempladas no informe.
- Modificouse a ficha de desenvolvemento do solo urbano non consolidado P-TB-01 incluído as determinacións indicadas no informe.
- Polo que respecta ós núcleos de Sobrepiñeiro (07.17) e As Salguieras (07.16) non delimitados nas NN.SS. vixentes, imponse no artigo 9.2.9. da normativa, a execución dun plan especial de ordenación do núcleo rural para cada un deles, con carácter previo á concesión de licenzas neses ámbitos. Estes plan especiais cumpriran os requirimentos indicados no informe da Dirección Xeral de Aviación Civil.
- Con respecto ó ámbito do solo urbano consolidado de Tabeaio será preceptiva a acreditación da preexistencia do solo urbano no documento urbanístico vixente e o non aumento de alturas no PXOM proposto. Esta acreditación deberá realizarse de acordo co indicado no punto correspondente (acreditacións) do informe da Dirección Xeral de Aviación Civil.
- Con respecto ás novas Servidumes Aeronáuticas do Aeroporto da Coruña que foron informadas favorablemente pola Comisión Interministerial de Defensa e Fomento (CODEFO) e que aínda non entraron en vigor, compre informar que serán incorporadas

no momento da súa entrada en vigor efectiva. Ata ese momento tan so procede incluír no PXOM as disposicións vixentes.

Carral, 23 de febreiro de 2015

Isidro López Yáñez
Arquitecto do equipo redactor do PXOM

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval